



**Recita durante 20 segundos.**



Os venres chegan cansos,  
sen ganas de xogar,  
nin ganas.

Soben ao sofá  
e quitan os zapatos,  
que fican patos na alfombra,  
coas súas linguas,  
e os seus amallós,  
cos seus calcetíns espidos  
de ver películas.



Os venres teñen sopas e un oxalá  
pendurados na solapa de estar,  
e déitanse sobre a cea,  
cheos de cadros e panos de mesa de papel.

Hai días nos que os venres se arranxan,  
póñense guapos,  
saen,  
amencen,  
e adoitan ter cara de sábado.

Clara López.  
*Os días lebre.*

**Proxecto “ 20 segundos ”**

*Poemas seleccionados e ilustrados por alumnado do CPI de Cova Terreña.*

**Equipo de Dinamización da Lingua Galega.**